



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE XUÑO DE 2012

LICENZAS

EDIFICACIÓN.-

LIC/1697/2009.- PABLO FERNANDO SENDE MOSQUERA.- Conceder a licenza de obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa de San Marcos, 10.

LIC/919/2010 e LAP/80/2011.- ANGEL, SL.- Conceder a licenza de obras para rehabilitación de local en planta baixa e elementos comúns para uso comercial e rochos respectivamente e apertura de local comercial para exposición e venda polo miúdo de xoiería, bisutería en Avda. Rosalía de Castro, 16.

OUTRAS OBRAS

LIC/1275/2011.- CONSTRUCCIONES Y REFORMAS FAGARI.- Conceder a licenza de obras de adecuación funcional de edificio na rúa Santa Uxía de Ribeira, 8.

LIC/1541/2010.- HERMANOS PELETEIRO RAMOS, SL.- Conceder a licenza de legalización de acondicionamento de vial de acceso e aparcamento do colexio Manuel Peleteiro en Monte Redondo-Castiñeiriño.

LIC/915/2012.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.- Reconstrución do campanario da igrexa de San Martín de Laraño.

PARCELACIÓNS

LIC/371/2011.- JOSE ANTONIO DEVESA VARELA.- Parcelación na rúa de Mallou de Abaixo. (+)

LIC/496/2012.- MARÍA DEL CARMEN VARELA GONZÁLEZ.- Parcelación no lugar de Feans-Villestro, 47. (+)

LIC/704/2012.- JOSE MANUEL SUAREZ LIÑARES.- Parcelación na rúa Pastoriza, 12. (+)

LIC/743/2012.- MARIA DEL PILAR CASTRO DOPAZO.- Parcelación. (-)

LIC/633/2012.- CASTRO 2009, SL.- Parcelación en Avda. Cruceiro da Coruña, 185. (+)

LIC/637/2012.- MARIA ANTONIA DE LA FUENTE FONTAO.- Parcelación en Marrozos, lugar de Sisto, 29A. (+)

LIC/634/2012.- EDUARDO VILARIÑO OTERO.- Parcelación na rúa da Muíña 79. (+)

LIC/722/2012.- PEDRO BOTANA IGLESIAS.- Parcelación na rúa da Torreira de Arriba. (+)

CESIÓNS

LIC/101/2005.- ANGEL CAO POMBO.- Aceptación de cesión.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

LAP/171/2011.- BANCO PASTOR SA.- Desestimación de recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do día 8 de marzo de 2012.

CORRECCIÓN DE ERROS

LIC/654/2012.- ZOAR RESIDENCIAL SL.- Corrección de erro detectado na Xunta de Goberno Local do día 30 de abril de 2012.

PRORROGAS

LIC/799/2012.- JOSE LUIS MUJICO PENA.- Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do día 12 de maio de 2009.

LIC/549/2012.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Denegación da prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do día 5 de abril de 2011.

CADUCIDADES

LIC/2476/2010.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.- Declaración de caducidade da licenza para obras de reconstrución do campanario da igrexa de San Martiño de Laraño, outorgada na Xunta de Goberno Local do 5 de abril de 2011.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/747/2012.- MARIA NIEVES VAQUEZ QUINTANS.- ... LIC/2242/2009 1.500 €.

LIC/838/2012.- MARIA CONCEPCION ASOREY LÓPEZ.- ... LIC/534/2007 3.000 €.

LIC/307/2012.- ANGELES VIEITES COUSELO.- ... LIC/2291/2001 500 €.

LIC/499/2012.- SOCIEDAD AGRARIA TRANSFORMACIÓN 470 XUGA VISIONES BERMUDEZ.- ... LIC/1792/2008 600 €.
LIC/582/2012.- VERONICA FERNANDEZ ADRAN.- LIC/6/2009 1.500 €.
LIC/635/2012.- FERNANDO CHORDI MIRANDA.- LIC/1683/2007 1.500 €.
LIC/646/2012.- JOSEFINA CARBALLAL LOPEZ.- LIC/933/2007 1.500 €.
LIC/501/2012.- JUAN CARBAJO RODRIGUEZ.- LIC/2171/2007 1.500 €.
LIC/877/2012.- REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS, SA.-
LIC/2024/2003 457.009,02 €.
LIC/854/2012.- ANTONIO FERNANDEZ ROMEU.- LIC/168/2007 1.500 €.

4.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axudas de carácter social.

A XGL aprobou axudas de carácter social por un importe de 5.279,16 €.

5.- Autorización de traspaso da caseta MC006 propiedade do Mercado de Abastos a favor de FLORISTAS Y PRODUCTORES CARMÍÑA S.C.

Autorízase o traspaso.

6.- Autorización de traspaso da caseta NA338 da que é titular o Mercado de Abastos de Santiago, S. Coop. G. a favor de MIGUEL BEADE REMOLAR.

Autorízase o traspaso.

7.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á reclamación do aboamento de pagas semestrais de produtividade.

Á vista do Informe da Xefatura de Persoal procede desestimar o recurso presentado por un funcionario do Concello a respecto do cobro da paga de produtividade.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Barrios relativa á formalización dun novo Convenio coa Deputación Provincial da Coruña para establecer os termos de financiamento das obras de "Rehabilitación da casa de Brandía para centro sociocultural en Vidán, 2ª fase".

A XGL aprobou a proposta do Concelleiro de Vías e Obras na que solicita a formalización dun novo Convenio coa Diputación co que se obterían 189.691,94 € para cofinanciar esta obra.

9.- Solicitud a Dirección Xeral dos Rexistros e Notariado da cesión de información por medios informáticos das inscricións no Rexistro Civil relativas a defuncións a nivel nacional.

Apróbese a solicitude.

10 a 85.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no importe sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no importe sobre bens inmobles, no importe sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

86.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento de recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.01.2012.

A XGL aprobou rexeitar este recurso porque non cumpría os requisitos para a bonificación dun 50% do IVTM, xa que o vehículo era híbrido e para poder beneficiarse desta bonificación ten que ser eléctrico.

87.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación definitiva das listas de admisión e de espera nas escolas infantís municipais de Conxo e das Fontiñas. Curso 2012-2013.

Neste caso estimouse un recurso sobre un neno que quedara excluído por non estar empadroadado, pero unha vez comprobada a súa situación rectificouse porque acreditou o seu empadroadamento na cidade. Tamén se aprobaron as listas definitivas de admisión e de agarda para o Curso 2012-2013 nas Escolas Infantís de Conxo e das Fontiñas.

88.- Ratificación do convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela en materia de rehabilitación e mantemento vivendas e locais comerciais no centro histórico.

A XGL aprobou ratificar o Convenio de colaboración co Consorcio en materia de rehabilitación co que será posible que o Consorcio preste a súa colaboración técnica nos programas de rehabilitación de vivendas, como por exemplo elaborando os Informes Técnicos

correspondentes. Tamén financiará o mantemento de vivendas en materia de rehabilitación e de locais comerciais.

89.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa a deixar sen efecto os Estatutos e bases de actuación da AE-1 do PERI de Vieiro e cambio do sistema de actuación de compensación á subespecie de concerto na modalidade de propietario único e someter a información pública a proposta de equidistribución da citada área de execución.

Apróbase a proposta.

90.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á toma de coñecemento da sinatura, con data 11 de maio de 2012, do Convenio urbanístico para a substitución por metálico do aproveitamento municipal no Proxecto de equidistribución da AE-1 do PERI de Vieiro e sometemento a información pública.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Urbanismo relativa á toma de coñecemento da sinatura, con data 11 de maio do 2012, do Convenio urbanístico para a substitución por metálico do aproveitamento municipal no Proxecto de equidistribución da AE-1 do Peri de Vieiro. En aplicación da normativa vixente este Convenio quedará sometido a exposición pública durante 20 días.

91.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á diversificación de réximes de vivenda protexida na parcela BB7 do SUNP-12 (Lamas de Abade).

A XGL aprobou autorizar a diversificación dos réximes de vivenda protexida a construír na parcela BB7 do SUNP-12 (Lamas de Abade), admitindo, ademais da vivenda de prezo concertado, a de prezo xeral e de réxime especial.

92.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á segregación da finca rexistral núm 3604 da sección 00 (Excmeterio de Bonaval) da parte oeste (zona colindante co exconvento de Santo Domingo de Bonaval).

Apróbase a proposta.

93.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á solicitude ao Banco de Terras de Galicia (BANTEGAL) da cesión da masa común 1229 da concentración parcelaria de Nemenzo- Marantes, para o seu acondicionamento como campo de festa.

Apróbase a proposta.

94.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á recepción das obras de urbanización da AE-2 do PERI de Vieiro.

Apróbase a proposta.

95.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á Aprobación Definitiva do Proxecto de Compensación do SUP-1.Romero Donallo.

Apróbase a proposta.

96.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Infraestruturas, Sanidade e Parques e Xardíns relativa ao Proxecto de mellora das interseccións exteriores ao Centro Comercial "As Cancelas" en Santiago de Compostela.

Autorízase a execución das obras Proxecto de Mellora das Interseccións Exteriores ao Centro Comercial "As Cancelas" en Santiago de Compostela, presentando pola Sociedade As Cancelas S.XXI. O proxecto circunscribe á intersección da Avda. de Juan Pablo II, coas rúas das Cancelas, de Mallou de abaixo, do Doiro e do 25 de xullo; e á intersección da avda. de Rodríguez de Viguri ca avda. do Camiño Francés. A solución formal a ambas é unha rotonda.

97.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á corrección de erro no punto nº 43 da sesión de data 23 de abril de 2012 relativa á solicitude á Consellería de Traballo e Benestar da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

Corríxese o erro.

98.- Proposta da concelleira delegada de Sanidade relativa á aprobación da xustificación do convenio coa fundación Refuxio de Animais. Ano 2011.

A XGL aprobou a xustificación deste Convenio co Refuxio de animais para 2012 por un importe de 161.500 €.

99.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación das bases reguladoras e convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello. Curso 2012-2013.

Aprobáronse as Bases reguladoras e a convocatoria que permitirán solicitar bolsa de comedor. O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP. O importe destinado a esta convocatoria é de 70.000 €, dos cales 28.000 € irán con cargo á partida de 2012 e 42.000 € á de 2013.

100.- Resolución de reclamacións ás axudas sociais convocatoria 2010.

Resólvense as reclamacións.

101.- Solicitud de participación do Concello nas axudas contidas na Orde do 4 de maio de 2012 pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental.

Apróbase a solicitude.

102.- Dar conta da 1ª liquidación da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia correspondente ao primeiro trimestre de 2012 do servizo de axuda no fogar para persoas en situacións de dependencia.

Deuse conta de que a Xefatura Territorial de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, vén de notificar que segundo os datos correspondentes a persoas en situación de dependencia efectivamente beneficiadas do Servizo de Axuda no fogar, o Concello devengou polo primeiro trimestre do ano 51.678,39 €.

103.- Dar conta da tramitación do segundo anticipo do 50% da cantidade financiada no 2011 ao abeiro do artigo 52.1 e 47 do decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Deuse conta á XGL da tramitación por parte da Consellería de Benestar dun anticipo do 50% correspondente á cantidade total financiada no 2011 segundo a normativa que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Esta tramitación supón un importe de 115.252,39 €.

104.- Dar conta de corrección de erros no punto nº 117 da sesión de data 21.05.2012 titulado: "Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación das horas extraordinarias e do plus de transporte"-

Dáse conta da corrección do erro.

URXENCIAS

1.- Apróbase o convenio entre a Consellería de Educación e o Concello para a xestión do comedor de 9 centros escolares. A Xunta achega 60.000 euros.

2.- Apróbase o convenio de colaboración polo que o Concello se converte en socio do local do proxecto europeo Progress.

3.- Concesión de licenzas de obra no centro comercial das Cancelas, para locais interiores.

4.- Apróbase a non renovación do aluguer dun local social na Corredoira das Fraguas.